

GARCÍA RODRÍGUEZ, Joseph (2020): *La fraseología del español y el catalán. Semántica cognitiva, simbolismo y contrastividad*. Frankfurt am Main: Peter Lang (Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation. Herausgegeben von Gerd Wotjak, José Juan Batista Rodríguez und Dolores García-Padrón, Band 150). ISBN 978-3-631-82445-0, 308 páxinas.¹



O obxectivo do estudo aquí recensionado, *La fraseología del español y el catalán: semántica cognitiva, simbolismo y contrastividad*, de Joseph García Rodríguez, é o de ofrecer unha interesante análise cognitivo-contrastiva de unidades fraseolóxicas españolas e catalás conformadas polos *naturismos*² *agua/aigua, aire, fuego/foc e tierra/terra* como compoñente léxico³, os cales, fronte a outros elementos léxicos como os cromatismos, somatismos e zooloxismos, recibiron ata o momento máis ben escasa atención por parte dos estudosos. O feito de que a análise se centre nos *naturismos* queda xustificoado porque esta pode proporcionar valiosa e abundante información lingüístico-cognitiva para comprender a relación que se establece entre mente humana-linguaxe-experiencia

vital, mentres que a selección destas catro pezas léxicas concretas en español e catalán fundaméntase en que se atopan entre as 10 000 palabras máis empregadas na lingua española, segundo a listaxe de frecuencias de uso do *corpus CUMBRE*.

Como se aclara na introdución (páxs. 15-18), para a extracción de datos empregáronse ata 57 fontes distintas, das que a maioría supoñen dicionarios de distinto tipo (dicionarios xerais monolingües, tanto do español como do catalán; dicionarios bilingües, combinatorios, fraseolóxicos en español e en lingua catalá etc.), pero tamén corpus textuais do español, bases de datos electrónicas e portais lingüísticos. Este labor de documentación e extracción

¹ Tradución ao galego por Alba Quinteiros-Soliño.

² Isto é, voces referentes a elementos físicos naturais (termo tomado de Luque Nadal, 2012).

³ Aos que se lles engaden, por extensión, formas derivadas ou flexionadas do tipo *aguar/aigualir, aguas/aigües, fuegos/focs e tierras/terres*.

de datos deu lugar a 707 unidades fraseolóxicas en español e catalán⁴ (con, ademais, as súas distintas variantes e variacións⁵), das que 643 conforman a análise cognitiva do traballo⁶.

No capítulo I (“La fraseología teórica: aportaciones y avances”; páxs. 19-68) estúdanse as características que presentan as unidades fraseolóxicas, especialmente o que concirne á súa fixación formal e pragmática e ás súas posibilidades de variación. Presenta, ademais, unha proposta de clasificación das unidades fraseolóxicas (dende unha perspectiva ampla, ao recoller distintos tipos de expresións fixas catalogables como colocacións, locucións, fórmulas rutineiras e paremias), coa que é posible clasificar sistematicamente a masa fraseolóxica en catalán e en español. Supón, pois, unha excelente e profunda revisión das distintas categorías que a tradición fraseolóxica hispánica propón para catalogar as unidades obxecto de estudo desta disciplina.

O capítulo II (“El estudio cognitivo-simbólico de los fraseologismos en un corpus bilingüe”; páxs. 69-191) combina cognitivismo e simbolismo para coñecer a motivación, os procesos de formación de fraseoloxismos (os distintos tipos de metáforas e metonimias, ademais das metaftonimias⁷) e os símbolos que permiten crear as referencias significativas destes. Así, as 643 unidades fraseolóxicas analizadas clasifícanse baixo un total de 276 conceptos distintos⁸ e estes, á súa vez, en tres hiperónimos⁹; deste modo, obsérvase, por un lado, que o elemento que configurou un maior número de fraseoloxismos é o par *agua/aigua*, con ata 101 unidades fixas pluriverbais¹⁰, e, por outro, que estas tenden a conceptualizar, sobre todo, emocións, accións e calidades negativas (o que supón, ademais, o reflexo do potencial simbólico que presentan os naturismos seleccionados). Conclúese, tamén, que o mecanismo tropolóxico mais rendible á hora de orixinar as referencias significativas dos fraseoloxismos estudados foi a metáfora ontolóxica¹¹, xa que os conceptos destino identificados son de natureza abstracta e empregan as propiedades dos naturismos (ante todo, os fraseoloxismos que conteñen *auga* como compoñente léxico), mais tamén se recoñecen metáforas de tipo conceptual¹² e orientacional¹³.

⁴ Por exemplo, *a poc a poc, s'encén el foc, a sangre y fuego, aigua corrent no porta verí, hacérsele la boca agua, a l'aire lliure, echar una cana al aire*, entre outras unidades fraseolóxicas.

⁵ Como nos fraseoloxismos *abril, aguas mil, amb armes, dones i focs, no hi vulgues jocs, aigualir la festa, cambiar de aires, caure de pernes enlaire, entre dos fuegos, volver las aguas a su cauce* etc.

⁶ Debido a que non foi posible clasificar 64 baixo ningún dos hiperónimos empregados (vid. páxs. 112-113, nota 68).

⁷ Isto é, unha proxección metafórica e unha interpretación metonímica conxuntamente.

⁸ Por exemplo, *alimentación, calentamiento, decepción, deseo, falsedad, protección, rapidez* ou *salud*.

⁹ En concreto, os tres seguintes: 1) *estados físicos y emocionales*, 2) *actividades*, e 3) *cualidades y defectos*.

¹⁰ Entre outras, *a pan y agua, hacérsele la boca agua, ésser aigua passada, no guanyar l'aigua que beu* ou *agua pasada no mueve molino*.

¹¹ Do tipo O AMOR É AUGA, AS PERSOAS SON TERRA, OS PROBLEMAS SON AUGA, AS PERSOAS SON VEHÍCULOS, AS PERSOAS SON ANIMAIS, OS MALES SON AIRE etc.

¹² Como ORIENTARSE É NAVEGAR, ESQUIVAR DIFICULTADES É FLOTAR, SER LACAZÁN É NON REMAR, FRACASAR É NON REMAR, ESTAR MORTO É COMER TERRA, PRESCINDIR É NON EMBARCAR, entre outras.

¹³ Por exemplo, IR BEN É IR CARA ARRIBA, A SOBERBIA É ARRIBA, PEOR É ABAIXO, OS ESTADOS POSITIVOS SON ARRIBA, REALIDADE É ABAIXO etc.

Pola súa parte, o capítulo III (“En busca de los equivalentes fraseológicos del español y el catalán: la fraseología contrastiva”; páxs. 193-258) supón un estudo contrastivo das unidades fraseolóxicas españolas e catalás seleccionadas. Tras presentar brevemente os estudos previos máis relevantes sobre este tema, explícase o marco teórico da fraseoloxía contrastiva e propóñense tres tipos de equivalencia¹⁴, ademais de cinco parámetros de comparación que se aplicarán na análise contrastiva¹⁵. A análise ten como obxectivo encher unha lagoa importante nos estudos deste tipo para a fraseoloxía bilingüe, en especial para o par de linguas español-catalán.

Finalmente, no apartado “Conclusiones” (páxs. 259-264) expóñense e recapítulanse os fitos máis relevantes do traballo, facendo especial fincapé na análise cognitivo-contrastiva realizada para explicar as semellanzas e diferenzas na masa fraseolóxica de ambas as linguas. Ademais, a extensa bibliografía empregada (páxs. 265-285) evidencia o número, tipo e variedade de fontes utilizadas, o que converte esta investigación nun estudo excelentemente documentado.

Dispón tamén de útiles índices finais, tanto dos fraseoloxismos estudados (páxs. 287-303) como dos conceptos nos que estes foron categorizados (páxs. 305-308), o cal facilita enormemente a súa localización no corpo do texto.

En definitiva, o estudo aquí recensionado, coa súa minuciosa análise, supón un importante avance no estudo contrastivo da fraseoloxía bilingüe en español e catalán, dende un punto de vista cognitivo e contrastivo, ademais de achegar datos significativos no eido da disciplina fraseolóxica en xeral.

Referencias bibliográficas

- CUMBRE = ALMELA, Ramón *et al.* (2005): *Frecuencias del español. Diccionarios y estudios léxicos y morfológicos*. Madrid: Editorial Universitas.
- LUQUE NADAL, Lucía (2012): *Principios de culturología y fraseología españolas. Creatividad y variación en las unidades fraseológicas*. Frankfurt: Peter Lang.

Manuel José Aguilar Ruiz

Universitat de València

<https://orcid.org/0000-0002-8162-6042>

¹⁴ A saber: total (como *ahogarse en un vaso de agua/ofegar-se en un got d'aigua; cambiar de aires/canviar d'aires*), parcial (*dejar de piedra/deixar clavat a terra; pescar en río revuelto/pescar en aigua tèrbola*) e nula (*marcar a fuego/marcado amb ferro roent; a media altura/a mig aire*).

¹⁵ Isto é: significado fraseolóxico, significado literal, iconicidade ou imaxe fraseolóxica, estrutura morfosintáctica e connotación.

